

Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o día 6 de xulio de 2010

ASISTENTES:

Allegue Agüete, Pilar
Aneiros Pereira, Jaime
Barreiro Carril, M^a Cruz
Beiro Rodríguez, Gabriel
Bergareche Gros, Almudena
Bravo Bosch, María José
Cordo Gómez, Sara
Dávila Millán, Encarna
De Vicente Remesal, Javier
Fuenteseca Degeneffe, Margarita
García Mosquera, Marta
González Pillado, Esther
Grande Seara, Pablo
Ibañez Paz, Regina
Iglesias Prado, Elena
Jiménez Alemán, Ángel Aday
López Prieto, María Nieves
Mariño de Andrés, Ángel
Martínez Hens, Helena
Martinez Táboas, Teresa
Martínez Yáñez, María Nora
Muleiro Parada, Luis Miguel
Pita Grandal, Ana María
Rodríguez Rodríguez, Emma
Rodríguez Rubira, Carmen
Trigo Gómez, Pilar
Valcárcel Fernández, Patricia

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes da Decana.
3. Aprobación, se procede, dos horarios da Licenciatura en Dereito e da Diplomatura en Relacións Laborais para o curso académico 2010/2011.
4. Aprobación, se procede, dos Tribunais de 5^a, 6^a e 7^a convocatoria para o curso académico 2010/2011.
5. Aprobación, se procede, da proposta de composición da Comisión Académica do Master en Ordenación Xurídica do Mercado.
6. Aprobación, se procede, das guías docentes dos Másters en Ordenación Xurídica do Mercado e de Menores en situación de desprotección e conflito social.

Sendo as 12.35 do día iníciase a reunión.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A Decana comunica que chegou unha proposta de modificación dun erro, pois na acta consta que a Sr^a María Nieves López Prieto é Xefa de Negociado cando en realidade é Xefa da Área Académica.

Acórdase esta corrixir este aspecto, e apróbase a acta por asentimento.

2. Informes da Decana.

a) A Decana informa das seguintes ausencias xustificadas de membros da Xunta de Facultade: Beatriz González Moreno, Fernando Lorenzo Merino, Belén Fernández Do Campo, Ana Esther Castro Fernández, Carmen Ruiz Hidalgo, Jaime Cabeza Pereiro y Amparo Rodríguez Damián.

b) A Decana informa de que o venres día 2 de xulio recibíuse da Vicerreitoría de Titulacións a comunicación indicando que o plan de estudos do Grao en Dereito foi verificado polo Consello de Universidades previo o informe favorable da ANECA e que se non hai que facer ningunha rectificación publicarase proximamente no BOE. Explícase que desde Ourense chegou unha solicitude de rectificación dunhas hora de prácticas.

Comunícase que se tomarán as medidas oportunas, que se falará coas persoas que foron responsables de levar a cabo o cambio de plan para poder dar unha resposta o máis axiña posible ao Rectorado.

3. Aprobación, se procede, dos horarios da Licenciatura en Dereito e da Diplomatura en Relacións Laborais para o curso académico 2010/2011.

A profesora Mari Cruz Barreiro Carril, pregunta se hai algún erro en non incluír un cambio de horario que solicitara. A Vicedecana Pilar Allegue explica que non era posible incluílo polas preferencias que manifestaran outros profesores que escollen antes.

Se aproban por asentimentoos horarios

4. Aprobación, se procede, dos Tribunais de 5^a, 6^a e 7^a convocatoria para o curso académico 2010/2011.

A Decana explica que as propostas de Tribunais foron comunicadas polos Departamentos e que coinciden, en liñas xerais, cos Tribunais actuais.

Se aproban por asentimento as Propostas de Tribunais presentados.

5. Aprobación, se procede, da proposta de composición da Comisión Académica do Master en Ordenación Xurídica do Mercado.

Se propón como novo Coordinador do Master en Ordenación Xurídica do Mercado ao Profesor Jaime Aneiros Pereira. E como Secretaria do mesmo á Profesora María José Bravo Bosh.

Ata o de agora actuou como Coordinadora a Profesora Pilar Allegue Aguite e como Secretaria a profesora Teresa Martínez Táboas. Ambas se lles agradecen os servicios prestados e a inxente labor que realizaron, pois deixan moito camiño andado aos novos responsables.

A Decana explica que ao elixir á nova coordinación como non hai normativa en vigor para elo se seguiu o procedemento que consta no borrador de regulamento interno que para este tipo de estudos está a piques de ser aprobado. Este procedemento parte de que sexa a propia Comisión académica dos Masters faga unha proposta e que, no seu caso, esta sexa aprbada en Xunta de Facultade. No caso do Master en Ordenación Xurídica do Mercado, a reunión da Comisión Académica tivo lugar o día 1 de xulio de 2010.

Noméanse tamén os coordinadores dos módulos da Máster que serán: Pablo Fernández Carballo-Calero, Almudena Bergareche Gros, Emma Rodríguez Rodríguez e Luis Muleiro Parada.

Como membro da Comisión Académica do Master pola Comisión de Calidade, estará a Decana, pero indica que existe a intención de modificar a Comisión de Calidade para que poida estar outra persoa.

Se aproban por asentimento as propostas.

6. Aprobación, se procede, das guías docentes dos Másters en Ordenación Xurídica do Mercado e de Menores en situación de desprotección e conflito social.

A Decana explica que cando se preparou a orde do día desta unta de Facultade, se pensaba que con anterioridade á súa celebracións estaríase en disposición de ter tódalas guías de materias dos Masters. En tanto que non foi así, e que non se puideron enviar antes da celebración desta Reunión, se solicita a delegación expresa para que na Comisión permanente –que previsiblemente se celebrará o vernres día 2 de xulio- se poidan, no seu caso, aprobar as guías.

A profesora Marta García Mosquera, coordinadora do Master de Menores, pide a palabra para dicir que eles preferirían aprobar as guías en Xunta de Facultade, pero que se comprende que en tanto que non se marcaron calendarios axeitados polos órganos da Vicerreitoría e que neste momento, non se pode facer outra cousa. Comunica que no seu Master está previsto que a Comisión Académica se reúna o día 8 de xulio para aprobar as guías.

A Decana solicita que en canto as teñan aprobadas as remitan ao Decanato para que se poidan enviar ao resto de membros da Xunta de Facultade.

Apróbase por asentimento a delegación da aprobación das guías na Comisión permanente.

Rogos e preguntas.- A Decana explica que por despiste non se engadiu o punto referido a rogos e preguntas pero que nese momeno algén quere facer algunha pregunta o rogo pode facelo.

Non hai rogos e preguntas.

Sen máis asuntos que tratar, levántase sesión sendo as 13. 15 horas, do que dou fe como Secretaria.